

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 19.04.2017 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o Informe da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 3669, 10/PPLC-000002)

- 1.1 3669 (10/PPLC-000002)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grupo Parlamentario de En Marea
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017
Publicación da toma en consideración, BOPG n.º 81, do 10.03.2017
Publicación da asignación á Comisión e apertura do prazo de emendas, BOPG n.º 83, do 15.03.2017

Punto 2. Preguntas orais en comisión

- 2.1 4899 (10/POC-000848)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis
Sobre o número de centros educativos construídos en Galicia coa presenza de amianto nalgún dos seus materiais, as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun informe ao respecto e un plan para a súa eliminación, así como unha normativa específica na materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

Punto 3. Proposicións non de lei en comisión

- 3.1 2417 (10/PNC-000251)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia da construción dunha nova EDAR no concello de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016

- 3.2 6169 (10/PNC-000611)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da elaboración e aprobación dun plan de actuacións para eliminar os puntos negros da Rede de estradas do Estado en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017
- 3.3 6459 (10/PNC-000652)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 10 máis
Sobre o estudo da Xunta de Galicia respecto das medidas oportunas para mellorar a seguridade viaria da estrada LU-664, no tramo da Ronda María Emilia Casas Baamonde, con especial atención á súa confluencia coa rúa Corredoira e Abeledos e a estrada de Currelos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017
- 3.4 6484 (10/PNC-000656)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a implantación pola Xunta de Galicia dun servizo regular de transporte público entre o Val Miñor e o Campus Universitario de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017
- 3.5 6942 (10/PNC-000705)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas de mobilidade e seguridade viaria que presenta a estrada PO-313 ao su paso polo concello de Moaña, e, en particular, no tramo que discorre nas proximidades do CEIP Quintela, entre os puntos quilométricos 15,690 e 15,760, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017
- 3.6 7233 (10/PNC-000749)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos residuos sólidos urbanos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 3.7 7345 (10/PNC-000755)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a recuperación da praia da Carabuxeira e do seu contorno, a reparación das vivendas deterioradas e a devolución ao seu estado anterior do litoral afectado pola construción do porto deportivo de Sanxenxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 19.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o Informe da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 3669, 10/PPLC-000002)

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en comisión

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 19.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4899(10/POC-000848)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis

Sobre o número de centros educativos construídos en Galicia coa presenza de amianto nalgún dos seus materiais, as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun informe ao respecto e un plan para a súa eliminación, así como unha normativa específica na materia

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez, Julio Torrado Quintela, Concepción Burgo López, Noela Blanco Torrado, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, uns 125 millóns de persoas de todo o mundo atópanse expostas ao amianto no seu lugar de traballo, ademais das expostas en razón da veciñanza e doméstica. A mesma fonte indica que cada ano morren no mundo máis de 100.000 persoas por patoloxías derivadas da dita exposición. O dano causado polo amianto é tan inmenso e inhumano para milleiros de persoas que nada pode reparar a agresión xerada; terribles efectos patolóxicos físicos e un dano moral que precisan ser reparados, un sufrimento psicolóxico terrible provocado por unha enfermidade con síntomas previsibles pero invisibles ata o irremediable.

É un feito que este material foi utilizado para a construción de edificios públicos dedicados a todo tipo de actividades, non sendo a educación unha excepción. Por tal motivo, varias son as normas que prohiben o seu uso; así, o Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, ou a Resolución do Parlamento Europeo, do 14 de marzo de 2013, na que se pide expresamente que os Estados membros avancen no proceso de eliminación gradual do amianto no menor prazo posible.

Recentemente, a Valedora do Pobo (en comunicación remitida a CONFAPA GALICIA por unha queixa presentada por esta asociación) indica a elevadísima presenza deste material nas vulgarmente coñecidas como uralitas dos centros escolares galegos (das 4 provincias) e que a situación resulta aínda máis complexa debido á antigüidade de moitas



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

destas infraestruturas e ás nosas condicións climatolóxicas. Pero non só hai amianto nos tellados, tamén nas pranchas dos falsos teitos, nas caixas das persianas e incluso nas paredes dos centros escolares, usado como illante.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos centros de Galicia foron construídos con amianto nalgúns dos seus materiais?
2. Vai elaborar o Goberno galego un informe que permita determinar a existencia deste elemento nos centros escolares galegos? Se a resposta fose positiva, cando?
3. Vai elaborar o Goberno galego un plan de desamiantado dos centros escolares? Se a resposta fose positiva, cando?
4. Ten intención o Goberno galego de eliminar de forma rápida, segura e definitiva calquera material que conteña amianto de todos e cada un dos centros educativos de Galicia que aínda o teñan presente en calquera das súas construcións?
5. Se a resposta anterior fose positiva, vaino facer en períodos lectivos ou nos non lectivos prolongados?
6. Ten intención o Goberno galego de elaborar normativa específica que facilite instrucións aos responsables de tomar decisións, modificando as previsións da guía técnica para as instalacións nas que haxa menores de idade, co obxectivo esencial da protección da súa saúde e seguridade?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Alvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4899
Data envío: 10/02/2017 14:29:55.008



 Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/02/2017 14:21:08

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 10/02/2017 14:21:14

Julio Torrado Quintela na data 10/02/2017 14:21:18

Mar3a de la Concepci3n Burgo L3pez na data 10/02/2017 14:21:22

Noela Blanco Rodr3guez na data 10/02/2017 14:21:29

Ra3l Fern3ndez Fern3ndez na data 10/02/2017 14:21:36

Mar3a Luisa Pierres L3pez na data 10/02/2017 14:21:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 2417(10/PNC-000251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia da construción dunha
nova EDAR no concello de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e a deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizo.**

Exposición de motivos

No ano 2011, tres deputados do Grupo Socialista presentaban unha pregunta no rexistro da Cámara na que, na parte expositiva, dicían:

“En Santiago de Compostela hai unha necesidade urxente dunha nova depuradora de augas residuais (EDAR). A existente está excedida, afectando á calidade das augas do río Sar. É un problema que arrastran os veciños de Compostela dende hai anos e que semellaba estar nos últimos meses en vías de solución: un espazo destinada a tal fin, un proxecto ultimado, na fronteira das opcións técnicas dispoñibles, cun tratamento de membranas e unha capacidade de tratamento equivalente a unha cidade de 264.00 habitantes, e un compromiso firme do Ministerio de Fomento para o seu financiamento, cunha achega substancial de fondos europeos, na contorna dos 40 millóns de euros. Existe unha oposición veciñal á radicación, que solicita dende hai tempo un cambio que a afaste das súas vivendas e que se plasmou en acción xudicial.

De acordo con noticias de prensa, o alcalde de Santiago de Compostela asegura o quince de novembro de 2011 que está ultimado o cambio de radicación da nova depuradora, o que significaría o seu traslado, de cordo coas información publicadas, un quilómetro augas abaixo, na marxe dereito do río Sar, nos confíns do concello de Santiago con Ames. E as información de prensa dan por suposto o apoio da xunta de Galicia á nova operación.

Este cambio implica algúns riscos serios para o futuro. O primeiro, de prazos; o segundo, en parte derivado do primeiro, de financiamento. O



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

que podería dar lugar a unha repercusión notable do custe sobre as tarifas de depuración que deberían soportar a cidadanía de Compostela no futuro.

De prazos por canto sería preciso, unha vez determinado o terreo adecuado, efectuar as expropiacións necesarias, realizar unha nova declaración de impacto ambiental (a depuradora instalárase sobre unha zona virxe, de relevo accidentado, poboada por unha fraga de especies tradicionais), adecuar, cando menos, o proxecto existente para situalo na nova radicación. É preciso unha actuación urxente por canto a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova estación; e podería facer incorrer en causa de sanción por parte da Unión europea. Lembremos que o tribunal de xustiza xa declarou culpable a España de incumprir a normativa sobre augas residuais en 38 aglomeracións urbanas, entre elas Compostela, o que deu un pulo á construción da nova depuradora.

É de financiamento por canto os custes aumentarán; e existe un risco elevado, pola posibilidade de perda dos fondos comunitarios (aproximadamente 38 millóns de euros) e dunha eventual sanción (que poderíamos cifrar nun mínimo de 40 millóns de euros).

A día de hoxe non hai novos avances, polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar coa máxima rapidez a construción dunha nova EDAR, coa mínima afección ao medio e á poboación por risco de ruídos e olores, garantindo a aplicación dos fondos europeos previstos, en colaboración co Goberno de España e o Concello de Santiago de Compostela.”

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2016 10:17
Nº Rexistro: 2417
Data envío: 21/12/2016 10:17:54.490



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/12/2016 10:02:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/12/2016 10:02:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 19.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 6169(10/PNC-000611)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da elaboración e aprobación dun plan de actuacións para eliminar os puntos negros da Rede de estradas do Estado en Galicia

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 10:22
Nº Rexistro: 6169
Data envío: 07/03/2017 10:22:20.801

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

1. O pasado mes de decembro fíxose público o informe anual de EuroRAP sobre o nivel de risco en vías que forman parte da Rede de Estradas do Estado. Galiza sae moi mal parada neste estudo xa que se sitúa á cabeza das comunidades con máis treitos con risco de accidente na súa rede viaria, un total de 15 dos 77 do total do Estado, nos que entre 2014 e 2016 se produciron 99 accidentes con 17 vítimas mortais e un cento de persoas feridas graves.

Neste informe detállase que tres dos sete treitos máis perigosos do Estado localízanse en territorio galego: o segundo lugar ocúpao a N 120 entre Següín (Pantón) e Penalba (Nogueira de Ramuín), do punto km 535,2 ao 549,5, con 8 accidentes mortais e graves e 11 feridos graves. O cuarto posto corresponde ao treito da N 547 (Santiago-Lugo) entre Melide e Boente (Arzúa), desde o pk 47,3 ao 54,8 con 4 accidentes mortais e graves e 4 feridos graves. O sétimo posto corresponde ao treito da N 640 entre Caldas e Vilagarcía, con 13 accidentes mortais e graves, 2 vítimas mortais e 15 feridas graves.

Os restantes 12 puntos negros da rede de estradas do Estado en Galiza son os seguintes:

A provincia de Pontevedra é a quen ten máis treitos con alto risco, un total de 6. Ademais do xa citado da estrada entre Caldas e Vilagarcía no informe figuran



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 10:22
Nº Rexistro: 6169
Data envío: 07/03/2017 10:22:20.801

- A N541 entre Cerdedo e Santa María de Sacos.
- A N 541 entre Santa María de Sacos e Bora (Pontevedra).
- A N 550 entre Briallos (Portas) e Pontevedra.
- A N550 entre Paredes (Vilaboa) e Redondela (intersección coa N 552)
- N 640 entre a intersección coa N525 en Bandeira e Foxo (Silleda)

Na provincia da Coruña, ademais do treito entre Melide e Boente, inclúense outros dous:

- Na N6 entre Ois e o final da variante de Betanzos
- Na N 634 un treito de 18 km ata Sesmonde

Na provincia de Lugo localízanse cinco puntos negros:

- O citado de Següín (Pantón)
- N 540 entre intersección coa N 6 e Guntín
- N 540 entre Barrela e a intersección coa N 525 en Cambeo
- N 640 en Monterroso
- N 642 entre a intersección coa N 640 e a N 634 (Ribadeo)

Na provincia de Ourense, ademais do treito da N 120 que remata en Penalba, inclúese o treito entre Penalba e Ourense.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 10:22
Nº Rexistro: 6169
Data envío: 07/03/2017 10:22:20.801

Segundo o informe, hai 5 puntos negros en Galiza que manteñen o nivel de risco alto durante tres anos consecutivos, situación que se considera extremadamente preocupante.

E ademais fai fincapé en que o risco de accidente mortal ou grave é 3,5 veces maior en estradas convencionais do que en autovías e autoestradas. En Galiza, máis do 90% dos sinistros mortais na rede viaria prodúcense en estradas secundarias.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que elabore e aprobe un Plan de actuación para eliminar os puntos negros da Rede de estradas do Estado en Galiza.”

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 10:22
Nº Rexistro: 6169
Data envío: 07/03/2017 10:22:20.801

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/03/2017 10:18:09

Noa Presas Bergantiños na data 07/03/2017 10:18:20

Olalla Rodil Fernández na data 07/03/2017 10:18:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/03/2017 10:18:29

María Montserrat Prado Cores na data 07/03/2017 10:18:33

Ana Pontón Mondelo na data 07/03/2017 10:18:35

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 19.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 6459(10/PNC-000652)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 10 máis

Sobre o estudo da Xunta de Galicia respecto das medidas oportunas para mellorar a seguridade viaria da estrada LU-664, no tramo da Ronda María Emilia Casas Baamonde, con especial atención á súa confluencia coa rúa Corredoira e Abeledos e a estrada de Currelos

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 13:34
Nº Rexistro: 6459
Data envío: 10/03/2017 13:34:12.299

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados, **Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Novoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Ronda María Emilia Casas Baamonde, que circunvala a cidade de Monforte, dende a estrada LU-546 (Monforte-Lugo) ata a LU-617 (Monforte-Chantada), corresponde a un tramo da LU-664, de titularidade autonómica.

Esta estrada soporta un tráfico moi considerable, por atoparse nas súas inmediacións, varios edificios públicos, un colexio, un edificio de usos múltiples, e un hospital.

Ademais, conflúen nesta vía, outras que dan acceso ao centro da cidade, ao Hospital Comarcal, ao mercado gandeiro, e dende data recente a unha das saídas da Vía de Altas Prestacións (Lugo-Monforte).

Nos últimos tempos actuouse neste vial colocando redutores de velocidade nas inmediacións do colexio e do edificio multiusos.

Nembargantes, son frecuentes os accidentes neste vial, sendo un punto especialmente conflitivo a confluencia da Ronda coa Rúa Corredoira e Abeledos, e a Estrada de Currelos.

En consecuencia, cómpre analizar que posibles melloras en canto á seguridade vial se poden implantar nesta estrada LU-664, no tramo que corresponde á Ronda María Emilia Casas Baamonde e especialmente na confluencia sinalada, para evitar a repetición de accidentes de tráfico que nela se producen.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 13:34
Nº Rexistro: 6459**
Data envío: 10/03/2017 13:34:12.299

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte
Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar as medidas que sexan oportunas para mellorar a seguridade vial da LU-664, no tramo da Ronda María Emilia Casas Baamonde de Monforte, con especial atención á confluencia da Ronda coa Rúa Corredoira e Abeledos, e a Estrada de Currelos”.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/03/2017 13:28:03

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/03/2017 13:28:24

Martín Fernández Prado na data 10/03/2017 13:28:47

Jaime Castiñeira Broz na data 10/03/2017 13:29:05

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/03/2017 13:29:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 13:34
Nº Rexistro: 6459
Data envío: 10/03/2017 13:34:12.299**

Maria Antón Vilasánchez na data 10/03/2017 13:29:33

Moisés Blanco Paradelo na data 10/03/2017 13:29:54

María Isabel Novo Fariña na data 10/03/2017 13:30:07

Marta Novoa Iglesias na data 10/03/2017 13:31:32

Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/03/2017 13:31:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/03/2017 13:32:05

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/03/2017 13:32:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.4 6484(10/PNC-000656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a implantación pola Xunta de Galicia dun servizo
regular de transporte público entre o Val Miñor e o Campus
Universitario de Vigo

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:49
Nº Rexistro: 6484
Data envío: 13/03/2017 10:49:08.798

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conexión directa entre o Val Miñor e o Campus Universitario das Lagoas-Marcosende, sen ter necesariamente que desprazarse a Vigo, é unha reclamación histórica da comunidade universitaria do Val, mais que nunca viu colmadas as súas aspiracións ao non se ter establecido unha solución acaída.

A Federación de ANPAS do Val Miñor (FAVALMI), coa que o BNG tivo diversos encontros, pon sobre a mesa os datos: nese campus estudan, ademais de profesorado e persoal non docente, 408 alumnos/as do Val Miñor dos que 101 son de Baiona, 116 de Gondomar e 191 de Nigrán, e a maioría vese na obriga de recorrer ao transporte privado.

Constátase, pois, a necesidade de implantar un servizo regular de transporte público entre os tres concellos do Val Miñor e o Campus Universitario de Vigo, demanda que xa foi trasladada ao Pleno da Mancomunidade do Val Miñor e que foi apoiada unanimemente.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:49
Nº Rexistro: 6484
Data envío: 13/03/2017 10:49:08.798

Polo dito formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a implantar un servizo de transporte regular entre o Val Miñor e o Campus Universitario de Vigo, inserido no Transporte Metropolitano da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 10:46:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:49
Nº Rexistro: 6484
Data envío: 13/03/2017 10:49:08.798

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 10:46:48

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 10:46:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 10:46:58

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 10:47:03

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 10:47:05

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 19.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3.5 6942(10/PNC-000705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas de mobilidade e seguridade viaria que presenta a estrada PO-313 ao su paso polo concello de Moaña, e, en particular, no tramo que discorre nas proximidades do CEIP Quintela, entre os puntos quilométricos 15,690 e 15,760, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

As estradas da rede primaria e secundaria, en especial as do litoral, son as principais afectadas polo aumento do parque automovilístico. E no caso do concello de Moaña, estas estradas son as peor asistidas, por non dicir desatendidas, polo Plan de mobilidade viaria da Península do Morrazo.

Na PO-313, no seu tramo por Moaña, existen problemas moi graves de mobilidade e de seguridade para a veciñanza.

O concello, e asociacións veciñais, xa reiteraron en repetidas ocasións á Axencia Galega de Infraestruturas a necesidade urxente de acometer actuacións de conservación nas beirarrúas, principalmente no tramo que discorre próximo ao CEIP Quintela (punto quilométrico 15,690-15,760). Este centro educativo é o único que non conta con transporte escolar, o que implica que todos os nenos e nenas acceden ao mesmo usando as beirarrúas da súa competencia. O seu deteriorado estado, con afundimentos e roturas importantes, está provocando numerosas queixas da comunidade educativa e dos colectivos veciñais da zona.

Ao deterioro das beirarrúas engádeselle o problema do desprazamento da mesma en diversos tramos co conseguinte risco de caída e desprendemento dos peches privados.

A alta ocupación desta vía nos pasados meses e ata o momento actual, por mor dos cortes intermitentes do corredor do Morrazo durante as obras de desdoblamento, non fixeron máis que agravar as problemáticas desta vía.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6942
Data envío: 22/03/2017 19:39:39.925



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse a Axencia Galega de Infraestruturas para que elabore un proxecto integral da estrada PO-313 que contemple especificamente medidas de seguridade viaria relacionadas coa utilización diaria de peóns, e principalmente no tramo que discorre próximo ao CEIP Quintela (punto quilométrico 15,690-15,760).
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado a vixiar regularmente a estrada PO-313 co fin de asegurar a seguridade viaria e, especialmente, mentres continúen as obras e cortes de tráfico froito do desdoblamento do corredor do Morrazo.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/03/2017 19:37:37

Raúl Fernández Fernández na data 22/03/2017 19:37:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/03/2017 19:37:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6942
Data envío: 22/03/2017 19:39:39.925



 Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 22/03/2017 19:37:53

Xoaqu3n Mar3a Fern3ndez Leiceaga na data 22/03/2017 19:37:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.6 7233(10/PNC-000749)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa xestión dos residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7233
Data envío: 29/03/2017 19:00:12.425



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O modelo de xestión centralizada do lixo de SOGAMA, baseado na incineración con produción eléctrica, e os datos de reciclaxe do sistema, móstrannos un modelo medioambientalmente moi mellorable, que non cumpre coa xerarquía do tratamento do lixo explicitada na Directiva europea 98/2008/CE e, incluso na Lei 10/2008 galega, de Residuos e no Plan Galego de Residuos Urbanos.

A xestión centralizada e baseada na incineración, ademais de ser peor medioambientalmente, crea menos emprego e impide, fronte a outros modelos, a creación de emprego no rural.

A ineficiencia do modelo é evidente cando vemos como toneladas e toneladas de materia orgánica, cun 80 % de contido de auga, percorren diariamente quilómetros para ser tratados na planta de Cerceda.

Un cambio de modelo na xestión do lixo en Galiza implicaría camiñar cara o obxectivo do combate contra o cambio climático e, por outra banda, crear emprego verde.

Sería unha aposta pola sustentabilidade ambiental, económica e social.



Incluso no documento de recomendacións do Consello Europeo de **“Avaliación do programa nacional de reforma e do programa de estabilidade de España para 2012”** expresase con claridade isto cando literalmente se di:

“En España son obxecto de verquido máis do 50% dos residuos municipais, non se tendo aproveitado suficientemente as actividades de prevención e reciclado. Unha aplicación plena da lexislación existente podería crear máis de 54.000 postos de traballo e aumentar o volume de negocios anual do sector de residuos en aproximadamente 5.700 millóns de euros, reducindo, ao mesmo tempo, as emisións globais directas e indirectas de gases de efecto invernadoiro en 3,5 puntos porcentuais, ate o 6,1% en 2020.”

A Xunta de Galicia, segundo anunciou, está a elaborar unha estratexia galega para a loita contra o cambio climático que necesariamente debe de incluír medidas de cambio na xestión dos residuos.

Galiza, e sobre todo o rural galego, precisa de crear emprego en actividades sostibles.

A reciclaxe e o tratamento do lixo é unha das actividades cun alto potencial de crecemento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Mudar o modelo de xestión dos residuos sólidos urbanos cara un que respecte a xerarquía no tratamento potenciando a redución, reutilización e reciclaxe, e o tratamento do lixo preto do lugar de produción.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7233
Data envío: 29/03/2017 19:00:12.425



- 2) Introducir este cambio de modelo dentro da Estratexia galega para a loita contra o cambio climático, definindo as liñas estratéxicas deste cambio.
- 3) Presentar, nun prazo dun ano, un Plan para a xestión descentralizada do lixo.
- 4) Presentar, no prazo dun ano, un Plan de emprego no sector da xestión dos Residuos, implementando medidas de promoción da creación de iniciativas empresarias e de formación no sector.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/03/2017 18:58:55

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 19.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3.7 7345(10/PNC-000755)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a recuperación da praia da Carabuxeira e do seu contorno, a reparación das vivendas deterioradas e a devolución ao seu estado anterior do litoral afectado pola construción do porto deportivo de Sanxenxo

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do dique de abrigo do porto de Sanxenxo, obra que se acometeu nos anos 1997-98, concorre nunha serie de irregularidades que causan un dano ata o de agora irreversible ao litoral deste coñecido enclave turístico galego.

O proxecto plantexouse seguindo as dinámicas irracionais das institucións naqueles anos. É dicir, tratábase dunha obra de gran envergadura, elevado custe de amortización e pensada para as elites. Basta sinalar que o proxecto non contempla as necesidades da flota pesqueira. Prodúcese un desprazamento do uso tradicional do porto pesqueiro de Sanxenxo en favor do deportivo, tanto en servizos de terra como en zona de fondeo, atraque e resguardo das embarcacións.

E, ademais do dito anteriormente, debemos destacar que:

- 1.- A obra foi iniciada sen presentar o preceptivo estudo de efectos ambientais. Sendo este documento necesario para determinar ou non a viabilidade da construción, é presentado unha vez executada a construción.
- 2.- Non houbo informes arqueolóxicos nin sobre patrimonio cultural, no que se investigara a posibilidade de que existiran restos somerxidos que puideran ser afectados pola dragaxe.



3.- Realízase unha ampliación da autorización para adscrición de bens do Dominio Público Marítimo Terrestre de 28.000 m² a 76.348 m² sen dar conta, outra vez, do posible, e máis que probable, impacto ambiental deste aumento de ocupación no mar.

4.- No proxecto falase dun estudo de dinámica litoral encargado ao Instituto de Hidrodinámica Aplicada, que parece afirmar que os efectos na dinámica litoral serían asumibles. Ao marxe de que este estudo non foi incorporado ao proxecto, a falsidade da afirmación, así como a irresponsabilidade de tal aseveración, deberían deixar en entredito aos asinantes dese documento.

O cambio na dirección das correntes mariñas producidas polo novo dique transformou nun pedregal a praia da Carabuxeira, afectando non só ao disfrute dos areais se non tamén aos muros, cimentacións das vivendas, instalación e acceso á praia. O pechase practicamente todas as praias dende a praia dos Barcos, Panadeira, Lavapanos ata a Carabuxeira polo dique de abrigo,ponse en cuestión a xestión da concentración de carburantes e emisión de gases de efecto invernadoiro así como aumenta os perigos procedentes de posibles verquidos incontrolados. A pesares de que citado informe de dinámica litoral afirma que a famosa praia de Silgar non foi afectada por esta construción, todo apunta que o areal tamén se está vendo afectado. E poderíamos seguir enumerando os distintos aportes de area e problemas de cambios no perfil de todas as praias próximas pois, en realidade, as medidas correctoras son meramente cosméticas, xa que non contemplan o estudo da situación dos ecosistemas costeiros, dos organismos bentónicos ou peláxicos, dos recursos marisqueiros, períodos de rexeneración das augas ou posibles enfangamentos.



5.- Cando en agosto de 1998 a empresa concesionaria, Davila-Lago, solicitou unha modificación da concesión consistente na prolongación do dique, sobrepasando en mais de 100 metros a lonxitude do espigón co respecto o que figuraba inicialmente, non esperou por a resposta. Iniciou as obras ante a pasividade da administración. Portos de Galicia detectou, 6 meses máis tarde, que se estaban a realizar as citadas obras sen autorización e instou á súa paralización inmediata, ademais de impoñer unha sanción de 851.000 € e a obriga de reparación dos posibles efectos. Como consecuencia, solicítanse informes ás direccións xerais de Patrimonio Cultural, de Recursos Mariños e de Demarcación de Costas, ademais de realizar inspeccións polo servizo de Calidade Ambiental de Pontevedra. Todos os informes son negativos e Portos de Galicia resolve a **NON VIABILIDADE** do proxecto de ampliación das instalacións pesqueiras da dársena de Sanxenxo. Desgraciadamente a obra xa estaba rematada. Destacamos tamén que no ano 2000, a Dirección Xeral de Costas informa **NEGATIVAMENTE** os dous proxectos (ampliación das instalacións pesqueiras e a ampliación do porto náutico-deportivo), pola **GRAVEDADE** dos impactos ambientais producidos.

7.- Inexplicablemente, estas ilegalidades non tiveron a repercusión lóxica que sería unha orde de demolición, reposición ou derribo do construído. Todo quedou resolto coa redacción dun plan de rexeneración e medidas compensatorias que aínda hoxe está sen executar. Constituíuse un aval bancario por unha cantidade, a día de hoxe, manifestamente insuficiente, a cargo da empresa concesionaria.

8.- As medidas correctoras, como xa dixemos, limitáronse a un aval asinado polo concesionario para facer fronte a todas as consecuencias das ilegalidades e danos ao litoral. Este aval parece ser obxecto de controversia posto que dende esta empresa municipal instouse á súa execución (cremos que de forma irresponsable) pero Costas do Estado parece non darse por aludido.



9.- O plan de rexeneración presentado tampouco conta coas garantías e estudos científicos precisos para asegurar que a actuación ou actuacións previstas sexan realmente reparadoras e duradeiras. A desfeita realizada no litoral Sanxenxino debería ser obxecto de estudo rigoroso e a rexeneración da praia da Carabuxeira tería que ser exemplar, para non afondar aínda máis nos xa graves problemas creados polas políticas baseadas na especulación.

En base a todo o anterior, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a que inicie os trámites necesarios para a recuperación da praia da Carabuxeira e o seu entorno, á reparación das vivendas afectadas e a devolución, desa parte do litoral, ao seu estado anterior á construción do Porto Deportivo.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 12:51
Nº Rexistro: 7345
Data envío: 30/03/2017 12:51:32.939

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/03/2017 12:49:41

Antón Sánchez García na data 30/03/2017 12:49:51